

EDUCACIÓN DIXITAL 3º ESO

Carga horaria: 3h. Departamento: Tecnoloxía

A educación dixital considérase tan importante na sociedade actual como a escritura, a lectura e o cálculo. Empregar as tecnoloxías dixitais de xeito seguro e eficaz é unha competencia imprescindible.

1. Elixe esta materia se queres saber como:

- Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen
- Organizar, deseñar e producir información dixital (textos, presentacións, imaxes, son, vídeos...)
- Traballar de xeito colaborativo na rede
- Iniciar na programación
- Estar protexido na rede e nas redes sociais

2. Bloques de contido

- Dispositivos dixitais e sistemas operativos
- Creación e edición de información e contidos dixitais
- Pensamento computacional
- Ética e seguridade dixital

Poderás acceder aos contidos na Aula Virtual do Centro.

3. Que e como se avalía?

Esta materia ten un carácter moi práctico polo que a forma de avaliala será mediante traballos e proxectos propostos, que se desenvolverán na aula de informática, por iso é fundamental o traballo diario na clase. Non hai exame.